



INSTRUCCIÓN SOBRE O ESTABLECEMENTO DAS FUNCIÓNS DE CARÁCTER ESENCIAL DO PERSOAL DA GARDERÍA FLUVIAL DE AUGAS DE GALICIA, ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL DEPENDENTE DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

ANTECEDENTES

Na Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (publicada no DOG nº 51, do 15 de marzo de 2020), dase publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas nos lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus (COVID-19).

No punto segundo deste último acordo establécese que todos os empregados públicos cuxas tarefas non se poidan desenvolver mediante traballo non presencial, deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, agás aquel persoal que desempeñe funcións de carácter esencial, que deberá neste caso acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións o esixa porque así o determinen os titulares dos seus centros directivos.

Neste sentido, o punto terceiro do citado acordo establece que se consideran funcións de carácter esencial, entre outras, as de gardaría forestal e ambiental, os servizos de inspección de saúde pública e inspección ambiental, e todas aquelas que determinen os órganos directivos por considerárense necesarias para garantir a continuidade das funcións básicas.

Logo da publicación deste acordo, o 15 de marzo de 2020, a dirección de Augas de Galicia, segundo estes criterios, dita unhas instrucións para o seu persoal durante o período de emerxencia sanitaria nas que considéranse de carácter esencial as funcións desempeñadas pola gardería fluvial, polo que deberán manterse en comunicación e a disposición dos responsables das súas correspondentes demarcacións.

Ante o traslado de algunhas dúbidas do alcance das funcións esenciais por parte dalguns membros do persoal da gardería fluvial, e tendo en





conta a necesidade de compaxinar a contención da enfermidade e garantir ao mesmo tempo o mantemento da prestación dos servizos esenciais, compre definir estes no ámbito do persoal da gardería fluvial da entidade Augas de Galicia.

En base ao anterior, ditase a seguinte **INSTRUCCIÓN**

Primeiro._ Obxecto

O obxecto desta instrución é a definición dos Servizos que se consideran de carácter esencial para os efectos da aplicación do acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas nos lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica da COVID-19.

Segundo._ Ámbito de aplicación

Esta instrución será de aplicación ao persoal pertencente á gardería fluvial de Augas de Galicia, entidade pública empresarial adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Terceiro._ Definición de Servizos esenciais

Terán a consideración de servizos esenciais os seguintes:

- A atención de alertas por vertidos non autorizados ao dominio público hidráulico
- A Vixilancia de tramos de ríos para localizar áreas que requiran retirada de atrancos (vexetación, árbores) que poidan dar lugar a unha situación de inundación.
- A Vixilancia daqueles puntos dos cauces públicos e das súas zonas de protección nos que se considere que pode existir un risco para o medio ambiente como roturas de colectores, fosas de xurro, etc.
- A Inspección e denuncia doutras actuacións que se poidan estar levando a cabo fóra da legalidade e que provoquen un dano irreparable ao medio ambiente.
- Calquera outra actuación que se considere necesaria o urxente, segundo o que determine o xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia correspondente.





Cuarto.- Vixencia

Esta instrución terá efecto inmediato e permanecerá vixente en tanto en canto se manteñan as medidas de carácter extraordinario establecidas e as que se poidan establecer polas autoridades competentes, en función da evolución da situación sanitaria, podendo ser obxecto de modificación en calquera momento.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(Asinado dixitalmente)

